

**AO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALIZA,
SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SEC. PRIMEIRA**

D^a _____, Procuradora dos Tribunais, actuando en nome e representación de **A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**, con CIF G15154610, cuxa representación se acredita mediante apoderamento *apud acta* que se acompaña como **doc. núm. 1**, e baixo a dirección técnica da letrada exercente _____, colexiada número _____, perante este órgano xudicial comparezo e como mellor proceda en Dereito

DIGO

Que a través do DOG núm. 220 de 16 de novembro de 2021 tívose constancia do recurso contencioso-administrativo 409/2021 interposto pola Asociación Hablemos Español contra a Resolución do 24 de maio de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galiza, pola que se convocan as probas de aptitude para a obtención do título de xestor administrativo (DOG núm. 101, do 1 de xuño).

Que a miña mandante ostenta dereitos ou intereses lexítimos que poidan resultar afectados pola estimación das pretensións do demandante, conforme ao artigo 21.1 b) da LXCA 29/1998.

É por iso polo que, seguindo instrucións da miña mandante, como se proba mediante o **doc. núm. 2**, dentro do prazo conferido, **comparezo e veño PERSOARME en representación da miña principal na posición procesual de codemandada**, interesando traslado das actuacións levadas a cabo até o momento e copia do expediente administrativo.

Polo exposto,

SUPLICO Á SALA, que teña por evacuado en tempo e forma este escrito xunto cos documentos que o acompaña, o admita, e me teña por persoado e parte na condición de codemandada a asociación **A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**, entendéndose a partir deste momento comigo as sucesivas actuacións e déaseme traslado de todo o actuado.

Na Coruña, a 26 de novembro de 2021.

Colexiada

OUTRO SI DIGO: Ao amparo do artigo 9 da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, elaborada en Estrasburgo o 5 de novembro e aprobada e ratificada polo Estado Español en virtude da autorización do artigo 94.1 da CE, BOE número 222 de 15/09/2001; e ao amparo dos artigos 4, 6 e 7.2 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, **esta parte interesa que o presente procedemento se desenvolva na súa integridade en lingua galega.**

SUPLICO Á SALA, que tendo por efectuadas as anteriores manifestacións, acceda a tramitar o presente procedemento en lingua galega.

Na Coruña, a 26 de novembro de 2021.